

"Alixe de aquí lubrián da ghalheira ou te azouto un lamboeirazo que te zurras na rella que te azoutou", advértele un telleiro a un labrego que tenta interceder por un aprendiz maltratado. O aludido responde: "e eu cághome na túa, por se acaso". A anécdota está recollida na obra *Embajadores de los infiernos. Historia y lenguaje de los Cabaqueiros*, de Praxiteles González, un testemuño da vida dos artesáns da tella de O Rosal e A Guarda.

Gremios ambulantes galegos como o dos "cabaqueiros" foron desenvolvendo ao longo dos séculos xirias que lles permitían comunicarse entre eles sen seren comprendidos polos seus patróns. Unha das máis antigas e estudadas é a dos "arguinas", que o investigador e escritor Calros Solla revisou recentemente na obra *O vervo xido. A fala secreta dos canteiros de Cerdedo* (Morgante, 2011).

Malia o seu valor patrimonial, pouco queda na actualidade destes criptolectos. Os oficios dos que agromaron -afiadores e paragüeiros de Maceda, Caldelas...; telleiros do Rosal e A Guarda; canteiros de Cotobade, Terra de Montes...; albaneis de Tomiño, Tui ou Bueu; cesteiros de Mondariz e músicos de Celanova e do Ribeiro-, mudaron ou ben atópanse en vías de extinción.

A orixe destes "verbos" ou "latíns" é unha cuestión aínda non de todo resolta. "A hipótese é que primeiro xurdiu a dos canteiros, que polo século XVI-XVII se xuntan cos santanderinos e os vascos, e traballan por Castela e outros lugares. Na primavera, verán e outono, os canteiros galegos traballaban en Castela e volvían no inverno. Alí tiñan ademais relación con outros ambulantes, como os telleiros. Este tipo de linguas secretas desenvolvéronse en toda Europa", sostén o catedrático de filoloxía, investigador do Instituto da Lingua Galega (ILG) e coordinador do *Dicionario de dicionarios de xirias* Antón Santamarina.

As primeiras compilacións de vocabulario das xirias gremiais datan do século XIX. A máis antiga, de arredor de 1810, realizouna José Arias Teixeira y Correa e deuna a coñecer o editor e escritor Xosé María Álvarez Blázquez. Carme Hermida e Damián Suárez recuperaron unha listaxe elaborada por Castelao do "barallete" dos afiadores de Ourense. O investigador, escritor e xornalista Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-Cho-Sey) estudou nos anos 50 e 60 esta mesma xiria, da que salientou como os seus falantes a gardaban ante as intromi-



Monumento ao canteiro (Verducido, Pontevedra).

Os latíns da Galleira

Falas secretas dos gremios galegos

MONTSE GONZÁLEZ

Do mesmo xeito que o galego é a base na que asentán as nosas xirias gremiais, algunhas palabras dos *vervos* pasaron ao falar actual. Pode ser o caso da tan usada en Vigo, *ghicho*. "É certo que atopamos algúns termos na xiria xuvenil. E *ghicho* dicíano os canteiros", sinala Antón Santamarina. Carme Hermida propón outra hipótese, compatible coa anterior: "é unha palabra, para min común, que significa anaco, pequeno. Pode ter orixe vasca".

O filólogo e profesor Jorge Rodrigues, autor do ensaio galego ata o de agora máis completo sobre as xirias gremiais, editado pola AGAL, vai máis alá. "Cos datos que atopei,

xa case podo afirmar que as xirias dos canteiros do norte de Portugal e de Galicia son en realidade a mesma", comenta, apuntando así ao berce común que foi o Reino

As orixes do ghicho

Medieval de Galicia. "Xa na Idade Media, o dos canteiros era un gremio moi forte. Unha liña de orixe vén dos gremios da construción e a outra dos oficios ambulantes que se cruzaron cos delincuentes. As xirias da Asturias occidental están

relacionadas coas galegas, pero entre as galegas e as portuguesas hai un continuum total. Por exemplo, a *lafrada* de Bueu parécese máis ás da construción portuguesas que ás outras galegas", engade.

Os mecanismos para crear as palabras das xirias son enxeñosos e flexíbles, de xeito que facilitan as innovacións. Como di Solla, "todos os canteiros son académicos da lingua". Rodrigues resúmeos en: metáfora e metonimia; composición sintagmática, como por exemplo chamar "río grande" ao mar; ou deformación do léxico galego engadindo prefixos ou sufixos ou trocando de lugar as sílabas.

sións alleas. Da súa parte, Feliciano Trigo é o autor dunha das principais compilacións do "verbo" dos canteiros, na que subliña coincidencias entre as distintas xirias, como o substantivo *galleira* para referirse a Galicia nos telleiros, afiadores e canteiros. Pola súa banda, o escritor e investigador Fermín Bouza Brey, o historiador Xosé Filgueira Valverde ou o investigador Domingo Álvarez, entre outros, analizaron a procedencia dalgúns termos das xirias, rexistrando orixes vascas, francesas, inglesas ou latinas.

O "vervo" actuaba como signo de afirmación colectiva

Un dos primeiros autores que se ocuparon das xirias gremiais, Julio Ballesteros, propuxera nos anos 30 a hipótese de que os canteiros formaran, orixinalmente, unha "asociación secreta" dotada dunha lingua misteriosa. Na súa memoria de licenciatura, publicada no 1975, Mercedes Pérez rexeita esta teoría. Porén, Carme Hermida cre que non hai que descartar o uso da xiria para enviar mensaxes cifradas, pero nun contexto ben distinto: o da represión do 1936. O lingüista Aníbal Otero puido realizar, de feito, unha recolla falando cun canteiro preso na illa de San Simón.

Facilitar a liberdade de expresión dos membros do gremio nas conversas ante o patrón non era a única función das xirias, segundo explicou o antropólogo Xosé Antón Fidalgo Santamarina na revista *Raigame*. O *vervo* actuaba como un signo de diferenciación e afirmación colectiva, ademais de mecanismo de defensa nun medio externo e, por veces, hostil cos profesionais ambulantes, de clase baixa.

Calros Solla non esquece outro factor: o da retranca, a procura da xoldra no ambiente de traballo. "Eu creo que non se vai perder", afirma, optimista, José Antonio Portela, "Seso", un albanel de Bueu que segue a utilizar a xiria propia da súa zona, a *Lafrada*. "Antes eramos moitos albanais, da mesma idade, e falar na xiria era moi habitual. Agora utilízase menos, pero non está esquecida. Usamos a *lafrada*" cando estamos tomando o viño, para lembrar e para bromear. Os que non son albanais tamén nos entenden, e tamén os mozos, que saben algunhas palabras".